



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf., 981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA CON DATA DE 7 DE XANEIRO DE 2016

Asistentes

Presidente: Don Jorge J. Tuñas Caamaño

Sres. Tenentes de Alcalde: Don Manuel Angel Leis Miguez, Dona M^a del Mar García Vidal.

Secretaria : Dona Asunción García Laseca

Interventor: Don Francisco Javier Portela Amor.

No Salón de Plenos da Casa Consistorial, sendo as trece horas e trinta minutos do día sete de xaneiro de dous mil dezaseis, reúnese a Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión ordinaria coa asistencia dos/as Sres/as Tenentes de Alcalde antes relacionados baixo a Presidencia do Sr. Alcalde Don Jorge J. Tuñas Caamaño actuando como Secretaria a titular da Corporación, Dona Asunción García Laseca.

Reunida a Xunta de Goberno Local, cos requisitos formais esixidos polo vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en particular co cuórum de asistencia necesario segundo dispón a referida norma, a Presidencia declara aberta a sesión , celebrándose de acordo coa seguinte Orde do Día:

PRIMEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DE DATA 17 DE DECEMBRO DE 2015.

Ó non haber intervencións a devandita acta é aprobada por unanimidade.

SEGUNDO.- ACTOS DE USO DO SOLO E DO SUBSOLO SUXEITOS A COMUNICACIÓN PREVIA E OUTRAS ACTUACIÓNS URBANÍSTICAS.

2.1.- Dona Rosa Casais Vidal, en nome e representación de Don Hermogenes Souto Caamaño, con enderezo no lugar de San Martiño de Broño, 31, deste termo municipal, presenta comunicación previa de actos de uso do solo e do subsolo para realizar obras consistentes en construción de muro de bloques, sito no lugar de San Martiño de Broño, 31, deste termo municipal. Visto o informe emitido polo Aparellador Municipal Don José Luís Gómez Córes de data 30 de decembro de 2015. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda o seguinte:

Primeiro.- Proceder á toma de razón da Comunicación Previa formulada en base ó art. 194.5 da Lei Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificado pola Disposición derradeira Terceira da Lei 9/2013, 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

Segundo.- En todo caso, cumpriranse as disposicións da normativa urbanística, na que se inclúe o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Negreira e, en particular as condicións que sinala no seu informe o Aparellador Municipal.

- O muro de peche da finca terá unha lonxitude de 23,40 m. de longo, 1,40 m. de alto e seis pilares, todo elo de bloques vistos.
- O muro situarase a catro metros do eixe da vía á que da a fronte.

Terceiro.- A persoa interesada deberá aboar o importe tributario que corresponda, consonte a Ordenanza Fiscal en vigor.

Cuarto.- Este procedemento non entra no dereito de propiedade e articúlase sen prexuízo de terceiro, consonte establece no art. 6 da Ordenanza Reguladora do Procedemento de Control do Exercicio de Actividades ou Servizos Suxeitos a Comunicación Previa ou Declaración Responsable, publicada no B.O.P de A Coruña nº 14 de data 21 de xaneiro de 2013.

Quinto.- O prazo de inicio das obras é o establecido na Comunicación Previa.

Os dereitos derivados deste procedemento extinguiranse polas mesmas causas que as establecidas para as licenzas e, en todo caso, polo transcurso de dezaioito meses a contar dende o día seguinte ó do recibo da notificación deste acordo, sen dar remate ás obras comunicadas. (art.18 da Ordenanza Reguladora do Procedemento de Control do Exercicio de Actividades ou Servizos Suxeitos a Comunicación Previa ou Declaración Responsable, publicada no B.O.P de A Coruña nº 14 de data 21 de xaneiro de 2013).

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

2.2.- Don Florindo Lourido Suárez, con enderezo na Avda. Barcala nº 2 - 1º A, desta Vila, e **Dona Isabel Tuñas Ríal**, con enderezo na Avda. das Brañas nº 59 – 3º C, desta Vila, presentan comunicación previa para a transmisión a favor de Dona Isabel Tuñas Ríal da licenza municipal de apertura e funcionamento do Quiosco venta periódicos e outros, sito na rúa Castelaos/n, desta Vila de Negreira da que ata o presente ostentaba a titularidade Don Florindo Lourido Suárez. Vista a documentación aportada, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda proceder á toma de razón da transmisión de licenza referida ós efectos do artigo 7 da Ordenanza municipal reguladora do procedemento de control do exercicio de actividades ou servizos suxeitos a comunicación previa ou declaración responsable.

O novo titular da actividade deberá facer o ingreso das taxas que graven este procedemento de control.

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf., 981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

2.3.- Visto o escrito presentado por **Don José Paredes Turnes**, no que solicita unha licenza de vado permanente para entrada e saída de mercadorías na Avda. de Santiago nº 30, desta Vila e termo municipal de Negreira, esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, unha vez visto o informe emitido ó respecto polo Arquitecto Municipal Don Alfredo Varela Nogueira, de data 17 de decembro de 2015, acorda, o outorgamento do vado solicitado polo Sr. Paredes Turnes, cunha lonxitude de 4 metros no fronte da finca e por unha duración de catro anos, renovables sucesivamente.

O outorgamento desta licenza non supón o recoñecemento de uso de garaxe para o baixo en cuestión, o cal requiriría a tramitación dun expediente independente.

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

2.4.- Visto o escrito presentado por **Don José Francisco Escudero Caamaño**, no que solicita certificación urbanística da finca coa referencia catastral nº 1509140NH2510N0001XX. Visto o informe emitido polo Aparellador Municipal Don José Luís Gómez Cores de data 22 de decembro de 2015, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, informa o seguinte:

Que a finca con R.C nº 1509140NH2510N0001XX, según o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Negreira, ten a clasificación de Núcleo Rural e a calificación de Núcleo Rural Tradicional de Casarío Disperso.

Según o P.X.O.M, de Negreira, as condicións para poder edificar en Nucleo Rural de Casario Disperso son:

1.- A ordenación farase na edificación exente en parcelas individuais, poderán autorizarse edificacións adosadas e medianeiras preexistentes ou cando se presenten proxectos conxuntos de agrupación de construcións.

A concesión da licenza estará sempre condicionada a previa cesión gratuita de tódolos espazos afectados por vías ou polas esixencias de mellora dos mesmos que se considere necesarias polo Concello e que farase constar o expedir a cédula urbanística.

Nos solos con esta edificación, a construción de vivendas, instalacións agropecuarias, locais de uso almacén, comercial, industrial a,b ou c, garaxes e talleres de automóviles, hoteis e edificios dotacionais, poderán concederse as licenzas directamente polo Concello.

2.- A parcela mínima edificable terá 800 m., a ocupación máxima da parcela pola edificación será o 30%, computando en dita superficie todo tipo de instalacións cubertas, o fondo mínimo da parcela edificable será de 20,00 m.

3.- A altura máxima será de planta baixa e piso, (4,00+3,00 =7,00 m.), permitíndose o aproveitamento baixo cuberta e unha planta de soto baixo a rasante.

4.- A separación mínima da edificación ós lindeiros da parcela será, salvo nos casos de edificacións adosadas, de 3 metros.

5.- Usos permitidos: en plantas baixas permitirase: uso agropecuario, almacén, comercial, garaxe, industrial a ou b.

En planta baixa: uso agropecuario, almacén, comercial, garaxe, hoteleiro, industrial a ou b, verde e vivenda.

En planta alta: uso agropecuario, almacén ou vivenda.

6.- En ningún caso as edificacións situadas en zona con esta calificación poderán dividirse en propiedade horizontal, tendo que pertencen o conxunto a un único propietario.

Según o artigo 79 do P.X.O.M. de Negreira as infraestructuras mínimas en solo de núcleo rural tradicional de casarío disperso.

Nas parcelas situadas en solo calificado como de núcleo rural de casarío disperso, para que estas sexan efectivamente edificables, antes da concesión da licenza verificarase e certificarase o cumprimento previo das seguintes condicións mínimas das infraestructuras. A parcela contará con acceso rodado directo dende unha vía de titularidade pública que reúna os seguintes requisitos:

Contará en toda a súa lonxitude dun ancho mínimo de tres metros e dúas zonas ós lados completamente libres de calquer tipo de construción de 2,50 m. de ancho cada unha, dita vía non poderá ter no seu exe unha pendente maior de 15% nin un radio de curvatura menor de 10,00 m.

A parcela contará cun suministro de enerxía eléctrica, podendo ser por conducción subterránea ou aérea. Ademais de non existir rede de titularidade pública de abastecemento de auga potable e evacuación e tratamento adecuado con vertido autorizado de augas residuais, este extremo garantirase de xeito adecuado ó proxecto básico para que poda ser concedida a licenza de obra e no proxecto de execución para o outorgamento de conformidade na acta de replanteo por parte do Concello.

Tendo en conta os artigos citados do P.X.O.M. de Negreira, así coma a situación da finca, pode afirmarse que a mesma non reúne as condicións mínimas de infraestructuras e en consecuencia non é edificable.

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

2.5.- Visto o escrito presentado por **Don Santiago Iglesias Francisco**, con enderezo na rúa Corzán nº 8 – baixo, desta Vila e termo municipal no que presenta comunicación previa de apertura e/ou actividade, para “taller de reparación de automóbiles” sito no local nº 8 da rúa Corzán, desta Vila e termo municipal. Visto o Informe emitido polo Aparellador Municipal, don José Luis Gómez Cores de data 22 de decembro de 2015, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf., 981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

Non proceder á toma de razón da comunicación previa de apertura e/ou actividade solicitada, para “taller de reparación de automóviles”, vista a documentación presentada, así coma o P.X.O.M de Negreira e en particular o artigo 61. Uso talleres e servizos de automovil, no punto 2 no que di que disporá dentro do local de 20 m2 de estacionamento por cada 10 m2 de zona de traballo e dentro da parcela dunha superficie pavimentada e descuberta destinada a estacionamento de polo menos igual á superficie construída do local.

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

TERCEIRO.- RECOÑECIMENTO E LIQUIDACIÓN DE DEREITOS E OBRIGAS NA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL.

Á vista dos correspondentes expedientes, a Xunta de Goberno Local, adoptou, por unanimidade, os seguintes acordos:

a) Apróbanse as seguintes facturas:

Nº	PROVEEDOR	FECHA FAC	Nº FACTURA	IMPORTE
1	CLUB DEPORTIVO XIMNASIA RITMICA COMPOSTELA	30/12/2015	159	430,00
2	ASOCIACION MONITORES A MAMOA	04/01/2016	3	2.620,00
3	JOSE ANGEL BUCETA VILLAR	04/01/2016	B/2016/1	605,00
4	SOCIEDADE VEIGA DO COTON	04/01/2016	01/16	1.200,00
5	CLUBE ATLETISMO NEGREIRA	04/01/2016	1/2016	600,00
6	U.T.E. MUNDOSENIOR	28/12/2015	A/0000000024	14.616,00
7	U.T.E. MUNDOSENIOR	28/12/2015	A/0000000025	2.816,99
8	SANDRA LESTA CHAPELA	05/01/2016	2016001	550,00
9	SILVIA CAPELO ALVAREZ	04/01/2016	10	580,00
10	MERCARTABRÍA (GADIS NEGREIRA)	04/01/2016	4	35,15

b) Apróbase o pago das seguintes facturas domiciliadas:

REX.	INTERESADO	CONCEPTO	IMPORTE	PARTIDA
	BBVA	Comisión 74 recibos música	26,87 €	011-359.00
	BBVA	Comisión 43 recibos gardería	15,61 €	011-359.00
	BBVA	Comisión devolución 2 rec. música	3,92 €	011-359.00
	BBVA	Comisión 23 recibos SAD	8,35 €	011-359.00
	Catalana Occidente	Seguro vehículo obras C105235UE	92,82 €	453-224.00
1839	Catalana Occidente	Seguro RC Maquinaria agrícola	191,07 €	453-224.00
1996	Fraternidad - Prevención	Servicio de prevención	1.038,10 €	920-227.92
	C. Prop. As Brañas	Cota comunidade propietarios	55,06 €	231-212.00
	Allianz Seguros	Seguro R.C. Concello ata 01/03/2016	2.775,83 €	920-224.00
	Reale Seguros	Seguro curso de Xardinería	64,33 €	323-224.00
2317	R	Telefonia	30,25 €	231-222.00
			92,57 €	323-222.00
			37,82 €	334-222.00
			30,25 €	920-222.00
			127,66 €	920-222.99
2318	R	Telefonia	101,64 €	334-222.00

			176,90 €	491-222.00
			3,03 €	920-222.00
2181	R	Telefonía	101,64 €	334-222.00
			177,91 €	491-222.00
			3,03 €	920-222.00
2319	R	Teléfono Casa da Cultura	52,66 €	334-222.00
1913	R	Teléfono Casa da Cultura	52,66 €	334-222.00
2208	Telefónica	Teléfono pedagogía-logopedia	48,87 €	231-222.00
2207	Telefónica	Teléfono radio	8,00 €	491-222.00
2262	Enor Ascensores	Conserv. ascensor Concello	231,09 €	920-212.00
	Deputación A Coruña	Taxa liq. prov. Entregas a conta	5.538,25 €	920-225.02

Visto o reparo non suspensivo presentado pola Intervención, a XGL dáse por enterada e procede a levantar o mesmo.

c) Apróbase a liquidación dos seguintes pagos a xustificar:

Nº	RESPONSABLE	CONCEPTO	IMPORTE	DEV.	PARTIDA
32	Jorge Jesús Tuñas Caamaño	Actividades deportivas	157,30 €	27,30 €	340-221.99
33	Manuel Antelo Varela	Peza calefacción Esc. Infantil	27,16 €	0,00 €	323-212.00
34	Belén Quintana Forján	Limpeza cristais altos Esc. Infantil	121,00 €	0,00 €	920-212.00
35	Manuel Antelo Varela	Revisión ITV 2 vehículos obras	100,00 €	6,90 €	453-214.00

d) Apróbase o pago das seguintes indemnizacións por razón do servizo:

Interesado	Concepto	Itinerario	Importe
Azucena Antelo Garcia	Repartos alimentos e visitas a domicilio 2015	Int. Concello	44,94 €
José Ángel Nouché Noya	Voluntariado - Informática, set. - nov. 2015	Santiago (13 días)	109,72 €
Asunción López Vázquez	Voluntariado - Taller de bolillos (setembro - decembro)	Brión	48,41 €
José Luís Gómez Cores	Visitas e inspeccións, durante 2015	Int. Concello	61,56 €
José Luis Gómez Cores	Manutención toma de datos programas Diputación (3 días)	Int. Concello	25,40 €
José Luis Gómez Cores	Xornada Lei Accesibilidade de Galicia 04/12/2015	Vigo	43,70 €

e) Apróbase o recoñecemento da antigüidade ó seguinte persoal municipal:

Nome	Posto	Trienio
María Genoveva Blanco Buján	Auxiliar S.A.F.	7º

f) Apróbase a devolución das seguintes garantías definitivas:

INTERESADO	OBRA	AVAL	IMPORTE
Aucasa	Fianza piscina climatizada	32014000244	1.899,75 €

g) Apróbase a concesión das seguintes axudas para festexos en núcleos de poboación:

ENTIDADE	REPRESENTANTE	PARROQUIA	IMPORTE	XGL
Asociación de Veciños de Landeira	Eva Álvarez Sande	Landeira	400,00 €	07/01/2016

h) Apróbase a anulación dos seguintes recibos da taxa por recollida do lixo, e baixa no correspondente padrón:

Nº	Titular	Enderezo	Epigrafe	Ano	Causa
253000576693	José Ferreiro Negreira	Av. Santiago 11 2º	Vivenda	2014 e 2015	Titular incorrecto



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf., 981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

- i) Apróbase o importe correspondente á substitución do seguinte persoal municipal, durante as datas que se indican:

INTERESADO	José Francisco Escudero Caamaño
PERSONA SUBSTITUÍDA	Francisco Javier Portela Amor
POSTO	Intervención
DIFERENCIA DE COMPLEMENTOS ESPECÍFICOS	226,88 €
DATAS DE SUBSTITUCIÓN:	
Mes	Días
Marzo	16,30,31
Abril	13
Maio	15
Xullo	24
Vacacións Setembro – Outubro	Do 14 de setembro ao 12 de outubro
Novembro	13,16,27
Decembro	7,18,21,28,29,30
TOTAL DÍAS	34
TOTAL BRUTO:	350,54 €

- j) Apróbase o pago de indemnizacións por asistencias á comisión de selección para a contratación de persoal laboral temporal (Coidadora infantil), os días 27/10/2015 e 29/10/2015, de acordo co cadro seguinte:

NOME	CAT. 2ª	IMPORTE	TOTAL
Belén Quintana Forján (presidenta)	2	42,83 €	85,66 €
Sonia Nieto López (secretaria)	2	42,83 €	85,66 €
Patricia Barreiro Casal	2	39,78 €	79,56 €
Natalia Suárez García	2	39,78 €	79,56 €
TOTAL			330,44 €

- k) Apróbase o pago de indemnizacións por asistencias á comisión de selección para a contratación de persoal laboral temporal (Educadora infantil), os días 27/10/2015, 28/2015 e 29/10/2015, de acordo co cadro seguinte:

NOME	CAT. 2ª	IMPORTE	TOTAL
Belén Quintana Forján (presidenta)	3	42,83 €	128,49 €
Sonia Nieto López (secretaria)	3	42,83 €	128,49 €
Patricia Barreiro Casal	3	39,78 €	119,34 €
Natalia Suárez García	3	39,78 €	119,34 €
TOTAL			495,66 €

- l) Apróbase o pago de indemnizacións por asistencias á comisión de selección para a contratación de persoal laboral temporal (Orientadora Laboral, na modalidade de interina por baixa por maternidade), os días 02/12/2015, 04/12/2015, 09/12/2015 e 16/12/2015, de acordo co cadro seguinte:

NOME	CAT. 1ª	IMPORTE	TOTAL
Sonia Ponte Esturao (presidenta)	4	45,89 €	183,56 €
Patricia Barreiro Casal (secretaria)	4	45,89 €	183,56 €
Natalia Suárez García	4	42,83 €	171,32 €
TOTAL			538,44 €

- m) Apróbase a devolución por ingreso indebido a D. Jesús Miguel Campos Lueiro, por un total de 25,00 €, correspondentes ao concepto "Asistencia curso de Informática" de Alicia Campos Manteca, por non poder ter asistido á citada actividade.
Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidencia deu por rematado o acto, finalizando a sesión ás trece horas e cincuenta minutos, de todo o que eu como Secretaria certifico.-

**Vº e Prace
O Presidente**



A Secretaria

